

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1917/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 12/06/2025 D.^a [REDACTED] presenta escrito, a través do rexistro electrónico, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), de acceso á información pública no interesa *que en relación ás 3 últimas convocatorias levadas a cabo para cubrir postos de AUXILIAR ADMINISTRATIVO e ADMINISTRATIVO solicito a seguinte información: - Cuestionarios das preguntas dos exames. - Respostas ANONIMIZADAS dos exames aprobados (supostos prácticos, preguntas a desenvolver, ...).*

En data 13/06/2025 ao abeiro do artigo 19.3 LTAIBG solicitouse informe a área de RRHH e Formación.

En data 18/06/2025 por parte da área de RRHH e Formación solicítase unha ampliación de prazo.

En data 19/06/2025 por Resolución da concelleira de área de Goberno ampliouse o prazo de resolución da solicitude de acceso a información formulada por D.^a [REDACTED] en data 12/06/2025 polo prazo dun mes.

En data xx emitíuse informe da Área de RRHH e Formación.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao](#)

Copia do documento - Concello de Vigo
1917-1102

Data impresión: 15/07/2025 10:29

Páxina 1 de 5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



[tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2025 10:29

Páxina 2 de 5

1917-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



A LTAIBG reconece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

O solicitante interesa acceso aos exames anteriores correspondentes aos procesos selectivos de auxiliar administrativo e subalterno en quenda libre e promoción interna.

Mediante informe da Área de RRHH e Formación de data 07.07.2025 achégase igazón á documentación obrante na área de RRHH e Formación solicitada respecto do proceso selectivo da praza de administrativa/o de Administración Xeral, da OEP 2017-2018-2019 a cal xa está disponible na sede electrónica para consulta:

<https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=461&lang=ga>

Na dita confocatoria non houbo proceso selectivo por quenda libre da praza de auxiliar Administrativa/o.

E, respecto das OEP 2014-2015-2016 e OEP 2010-2011, remítese tanto a información solicitada como a copia anonimizada das probas das persoas aspirantes que foron nomeadas por superar os ditos procesos selectivos (e os da OEP 17-18-19), estando disponibles para a súa consulta, no seguinte enlace:

[Redacted]

Toda vez que a información solicitada constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar a información solicitada.

TERCEIRO.- Do órgano competente

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/07/2025 10:29	Páxina 3 de 5
1917-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2024.

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada [REDACTED] e facilitar a información solicitada mediante o acceso aos seguintes enlaces:

<https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=461&lang=ga>

SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

Copia do documento - Concello de Vigo
1917-1102

Data impresión: 15/07/2025 10:29

Páxina 4 de 5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**


**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2025 10:29

Páxina 5 de 5

1917-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>